

# **Normas para a presentación de traballos escritos**

IES David Buján  
Xuño 2017



# Índice


<b>Introdución</b> .....	5
<b>Formato</b> .....	7
1. Papel	
2. Marxes	
3. Tipo e corpo de letra	
4. Aliñación e interliñado	
5. Numeración de páxinas	
6. Títulos e subtítulos	
<b>Estrutura externa do traballo</b> .....	10
1. Portada	
2. Índice	
3. Introdución	
4. Corpo do traballo	
5. Valoración persoal ou conclusión	
6. Bibliografía	
7. Contraportada e cuberta	
<b>Algunhas consideracións especiais</b> .....	14
1. As citas textuais	
2. Inclusión de fragmentos de textos	
3. Os títulos de obras	
4. A escritura de números e símbolos	
<b>Algúns consellos prácticos</b> .....	20



## Introdución

O obxectivo deste manual é ofrecer unhas normas básicas de presentación para todos aqueles traballos escritos que os alumnos do IES David Buján deban entregar, calesquera que sexan os contidos ou a materia na que se solicite.

Os traballos poden ser presentados á man ou utilizando o ordenador, dependendo dos criterios establecidos por cada profesor ou departamento. A utilización dun procesador de textos permite reescribir, corrixir, establecer marxes, numeración, etc. con maior facilidade; pero sexa cal sexa o método utilizado, será imprescindible atender á **ortografía**, á boa **redacción** dos contidos, á **limpeza** e, no caso dos traballos á man, tamén á **caligrafía**.

O presente documento céntrase na elaboración de traballos co ordenador, se ben as mesmas normas poden ser adaptadas sen dificultade aos traballos presentados á man; iremos facendo anotacións (indicadas coa icona ) cando sexa pertinente.

En moitas ocasións, o traballo solicitado será simplemente un comentario crítico, unha recensión, un *writing*... Neses casos, deberá obviarse todo o relativo á estrutura do traballo, pero deberán respectarse igualmente as normas relativas ao espaciado, marxes, etc. e presentación en xeral.

Boa parte dos criterios aquí recollidos son unha adaptación das *Normas APA 2017*<sup>1</sup>, recoñecidas na actualidade como unha referencia básica para a redacción de traballos escritos en calquera ámbito de coñecemento e nivel educativo.

Esperamos que o establecemento destas sinxelas normas nos axude a concienciar o alumnado sobre a importancia que a presentación dun traballo ten para a súa posterior valoración.

---

<sup>1</sup> As coñecidas como *Normas APA* son as establecidas pola **American Psychological Association**; o primeiro esbozo data xa de 1929 e hoxe configuran un extenso manual para a divulgación dos traballos científicos.




# Formato


## 1. Papel

O papel utilizado nos traballos debe ser:

- folios en branco (nunca deben utilizarse follas de cor ou cuadriculadas), mesmo se o traballo está escrito á man;
- sen buratos;
- todas as follas deben ter o mesmo tamaño, formato DIN A4 (folios estándar).

O traballo estará escrito **polas dúas caras** do folio a partir da páxina de contido.

 No caso dos traballos á man, será imprescindible (cando menos nos primeiros cursos) o uso dun padrón raiado para poñer debaixo do folio, de maneira que as liñas de escritura se manteñan rectas e coa mesma separación. O espazo entre liñas debe ser suficientemente amplo (1 cm) para dar unha aparencia de limpeza e permitir a corrección.






## 2. Marxes

Todos os folios do traballo deben levar «marxes», isto é, un espazo en branco arredor do escrito. As marxes deben incluírse tanto polas partes superior e inferior como pola esquerda e a dereita. As marxes fixadas polas *Normas APA* son de **2,5 centímetros**.

En **FORMATO**, abrir **DESEÑO DE DOCUMENTO** e establecer **2,5 cm** para todas as marxes.

Lembra: debe estar activa a pestana «**Aplicar a todo o documento**».


Facer clic en **CONFIGURAR PÁXINA** e comprobar que o tamaño do papel está en **A4**.



### 3. Tipo e corpo de letra

Os tipos recomendados para o corpo do texto son **Times New Roman**, **Courier** ou **Calibri** en **12** puntos. É preferible evitar tipos de letra ornamentais, como Tekton, Comic, Script...

Os **títulos** deberán estar no mesmo tipo de letra que o resto, aínda que pode ter dous puntos máis. Os **pés de foto, texto de táboas e figuras, cadros**, etc. nun punto ou dous menos.

 No caso dos traballos á man, a letra debe ser clara e lexible, e utilizarase bolígrafo azul ou negro, nunca doutra cor, excepto para resaltar títulos. Non se utilizará típex, polo que resulta recomendable facer primeiro un borrador.

### 4. Aliñación e interliñado

- O texto debe estar **aliñado á esquerda**, excepto en táboas e figuras.
- Recoméndase a **interliña dobre**, pero tamén se admite a **1,5**; excepto en notas, pés de fotos ou figuras e títulos de táboas, casos nos que será sinxela.
- O inicio de parágrafo marcarase cunha **sangría** na primeira liña de **0,5**.



### 5. Numeración de páxinas

As páxinas do traballo estarán numeradas, excepto: a portada, a contraportada, o índice e as páxinas en branco; estas páxinas contan para a numeración, aínda que non leven número.

A numeración será arábica, e se situará preferiblemente na parte **inferior externa da páxina**, isto é, dereita no caso das páxinas impares, e esquerda no caso das pares.

En **FORMATO**, abrir **PARÁGRAFO** e seleccionar os criterios anteriores.

Para a numeración, seleccionar **NÚMEROS DE PÁXINA** en **INSERTAR** e dar os valores indicados.







## 6. Títulos e subtítulos

Un traballo ben redactado debe conter apartados ou capítulos para facilitar a organización do contido. Estes deben encabzarse con títulos e subtítulos, destacados formalmente con respecto ao texto xeral e sempre estarán marcados da mesma maneira. Suxerimos:

- **Título de apartado.** Debe iniciarse sempre en **páxina á parte**, independentemente do lugar onde remate o apartado anterior. Pode marcarse co mesmo tipo de letra, **corpo 14, negriña, centrado**, con maiúscula inicial e o resto en minúsculas. É conveniente dar certo espazo entre o título e o texto seguinte (12 puntos despois de parágrafo, por exemplo).
- **Subtítulo de apartado.** Pode marcarse co mesmo tipo de letra **12, negriña**, aliñado á **esquerda** e en liña á parte do resto do texto e **sen sangría**. Recoméndase introducir un espazo de parágrafo de 12 puntos antes do subtítulo.
- **Bolo de parágrafo.** Utilízanse os bolos (•) para facer apartados ou series nos que o texto sexa longo e estea redactado. Empregarase a **negriña para o título**, no **mesmo tipo de letra e tamaño** que o resto do texto, aliñado á **esquerda**, sangría **0,5 na primeira liña**.
- **Listas con guion medio (–).** Utilízanse no caso de series ou listas nas que os distintos apartados son moi curtos (palabras ou frases) ou van dentro de apartados marcados con bolo. Non levan títulos, e irán con **sangría 1 cm** e a primeira liña con **sangría francesa 0,5**.



 No caso dos traballos á man, os títulos e os subtítulos pódense marcar de diferentes xeitos, pero sempre do mesmo modo. Por exemplo, os títulos centrados e en vermello; os subtítulos, aliñados á esquerda, en azul e subliñados en vermello. Pódense utilizar igualmente as marcas dos bolos e dos guións.

## Estructura externa do traballo


Este será o esquema que deberá seguir todo traballo, salvo que o profesor da materia estableza instrucións particulares sobre como estruturalo:

Páxina 1.	Portada
Páxina 2.	En branco
Páxina 3.	Índice
Páxina 4.	En branco
Páxina 5.	Introdución. Se soamente ocupa unha páxina, a 6 irá en branco. Se non houberse introdución, o corpo comezaría na páxina 5.
Páxina 7.	Comezo do corpo do traballo.
Antepenúltima páxina.	Valoración persoal e conclusións.
Penúltima páxina.	Bibliografía.
Páxina final.	Contraportada ou «tapa» final; pode ser unha folla en branco.

### 1. Portada

A primeira páxina do traballo é a portada, onde deben figurar todos os datos para a súa valoración. Cómpre ter en conta:

- A portada non vai numerada (pero conta para a numeración como páxina 1).
- Pódese incluír algunha imaxe representativa, aínda que non é obrigatorio.
- O título do traballo debe ser claro e resumir a idea principal do traballo. Irá destacado do resto en negriña e no centro da páxina. O tamaño da letra pode variar, entre 26 (no exemplo) e 20 puntos, dependendo da súa lonxitude.



- Á dereita e abaixo deben figurar (no exemplo en tamaño de letra 18):
- Nome e apelidos do autor.
  - Nome do instituto, curso e clase.
  - Materia que pide o traballo (e entre parénteses o nome do profesor).
  - Data de entrega.

## 2. Índice

No índice figurarán, ordenados, todos os **apartados** e subapartados do traballo. Un bo índice debe permitir ver dunha ollada cales son as partes das que consta o traballo e a súa distribución, así como facilitar a súa localización. É, pois, importante incluír o **número de páxina** onde se inicia cada apartado (NON cada subapartado).

A páxina do índice tampouco vai numerada, pero conta para a numeración global do traballo como páxina 3.

## 3. Introducción

A introdución presenta o tema e suscita o interese. Debe proporcionar unha breve aproximación ao traballo: os obxectivos que se buscan, as teses que se queren demostrar ou simplemente «de que vai tratar» o traballo proposto. O alumno debe ter en conta que esta é a primeira páxina que vai ler o profesor, polo que é moi importante que o contido sexa breve, pero claro e ben exposto. É a primeira páxina numerada do traballo.

## 4. Corpo do traballo

É a parte esencial onde se desenvolven os contidos. Neste caso, é importante:

- Escribir todo o traballo co mesmo tipo de letra.
- Dividilo en partes ou apartados, cos correspondentes títulos e subtítulos.
- Incluír algún debuxo ou imaxe que ilustre o tema e faga máis amena a súa lectura.
- Lembrar paxinar todos os folios.

## 5. Valoración persoal ou conclusións


Un bo traballo debe rematar sempre cunhas conclusións ás que se chegou despois de profundar no tema, ou coa valoración do propio traballo.

## 6. Bibliografía

Cómpre insistir en que todo o que consultamos é produto do esforzo doutras persoas que temos, como mínimo, a obriga de citar. Polo tanto, é un **apartado imprescindible**. Ademais, permite a quen o le comprobar exactamente o que neste é orixinal e o que se debe ao investigado por outros con anterioridade.

As referencias bibliográficas deben ser completas, precisas e seguir unhas normas básicas.

- As entradas deben aparecer **por orde alfabética** do primeiro apelido do autor. Se non hai autor, teremos en conta a primeira letra do título do libro ou do enderezo da web, quitando letras e símbolos iniciais.



- As entradas levan unha **sangría francesa de 1,25**.


- Estes son os **datos que deben aparecer**: APELIDOS

(en maiúscula) e Nome (minúscula) do autor, *Título da obra* (en cursiva), Lugar de edición, Editorial, ano de publicación:

BLANCO, Juan José, La literatura hispanoamericana anterior al siglo XX, Madrid, Cincel, 1981.

- Se citamos un **artigo, relato, poema** ou similar que vai dentro dunha publicación maior, aquel ponse **entre comiñas**, e a publicación, en cursiva. Neste caso temos que indicar as páxinas que abrangue o artigo ou similar.

CORTÁZAR, Julio, «Las babas del diablo», *Las armas secretas*, Madrid, Cátedra, 1991, pp. 123-139.

 Véxase a páxina 16 para consultar como se marcan os títulos se escribimos á man.

- Cando citamos una **revista** ou **publicación periódica**, debemos poñer despois do título o número da publicación e, a continuación e entre parénteses, o ano:

BOTERO CAMACHO, Manuel José, «Retórica colonial: el *otro* lingüístico», *Anales de Literatura Hispanoamericana*, 40 (2011), pp. 315-332.

- Todo **endereço web** (xa sexa dunha páxina, blog u outra) debe citarse cun signo inicial < e outro final > e, a continuación e entre parénteses, a **data** na que se consultou, xa que os contidos de internet son moi cambiantes e é posible que xa non se atope esa páxina ou que teña mudado e sexa diferente da que se empregou para realizar o traballo.


FERNÁNDEZ LÓPEZ, Justo, “Cronistas de Indias”. En  
<<http://hispanoteca.eu/Landeskunde-LA/Cronistas de Indias.htm>> (28/05/2013).

## 7. Contraportada e cuberta

A **última páxina** dun traballo non se escribe; chámase «folla de respecto» e debe ir sempre en branco.

O traballo debe ser entregado **grampado pola marxe superior esquerda** (nunca con clips). É recomendable metelo nunha folla de plástico transparente para que non se estrague.

Tamén pode presentarse **encadernado**. Neste caso, recoméndase a carpeta tipo *dossier*, coa cuberta transparente e sistema de suxección das follas. Por contra, non se permitirá a presentación dos traballos en portafolios con fundas individuais, broches ou calquera outro mecanismo que obrigue o profesor a extraer as distintas follas para a súa corrección.



## Algunhas consideracións especiais

### 1. As citas textuais

Nun traballo persoal, sempre é preferible facer coas nosas propias palabras **un resumo** dos xuízos que un autor ten acerca dun tema determinado; cómpre citar ao final, por suposto, o libro, xornal, Web, etc. de onde tiramos esa información.

En calquera caso, é imprescindible ter en conta que **non se pode copiar** o que escribiu alguén sen indicar formalmente que esas son as súas palabras exactas, e non as nosas; é dicir, que se trata dunha cita textual.

Estas son algunhas normas básicas para introducir **citas textuais** nun traballo escrito.

- **Se a cita é breve**, colócase como parte do texto, no mesmo tamaño de letra, entre comiñas e indicando ao final entre parénteses o autor, o ano de publicación da obra e —se se coñece— o número de páxina:

Na obra *Os dous de sempre*, narra Castelao as peripecias de dous amigos de carácter oposto, «maino e resiñado, un; inadaptado e rebelde, outro. A cara e cruz dunha tipoloxía humana ben sabida» (Dónega Rozas, 1973, p. 15).

- **Se a cita é longa** (máis de 40 palabras), escríbese o texto en bloque en liña á parte, sen comiñas, con sangría 2,5 e interliña simple ou 1,5. Por exemplo:

Na obra *Os dous de sempre*, narra Castelao as peripecias de dous amigos nunha pequena vila mariñeira. Así fala Dónega Rozas da súa traxectoria vital:

O Pedriño fracasa nas Américas, onde o pousaron en procura dun porvir no comercio; na Europa é Rañolas, na súa teima por se facer industrial. Emigrantes, coma tantos e tantos irmáns seus, volven á súa terra pra rematar nela. A morrer en vida, o Pedriño; a vivir na morte, o Rañolas. (1973, p. 15)

Cómpre lembrar que non se pode eliminar parte do texto dunha cita sen indicalo con puntos suspensivos entre corchetes [...].

Mención á parte merecen as citas de fragmentos textuais que incluímos nos comentarios de texto, como veremos a continuación.

## 2. Inclusión de fragmentos de textos

Nos traballos sobre libros ou nos comentarios de texto, é imprescindible exemplificar o que afirmamos con fragmentos do texto analizado. O método para incluír esas citas ou fragmentos textuais é semellante ao indicado no apartado anterior, pero neste caso será importante tamén indicar a liña ou verso en cuestión. Resumindo:

- Cando citamos **palabras** ou **frases**, deben ir entrecomilladas e con indicación entre parénteses da páxina do libro e da liña do texto en que aparecen; no caso dos poemas, indícase o verso (v.) ou versos (vv.). Por exemplo, supoñamos que estamos analizando «Cando a luniña aparece», cantar 30 de *Cantares gallegos* (Rosalía de Castro), e debemos comentar as figuras literarias. Poderíamos indicar:

Atopamos unha anáfora xa nos primeiros versos: «Todo é silencio nos campos,/ todo na ribeira dorme» (vv. 3-4).

Nótase que os versos poden escribirse seguidos separados por unha barra oblicua e que nestes casos é aconsellable subliñar as palabras que se queren destacar do resto.

- Cando citamos un **fragmento** (prosa) ou **máis de dous versos**, o exemplo irá sen entrecomillar, con sangría, interliña 1,5 e con indicación de páxina e liña ou de verso. Por exemplo, na análise do mesmo poema que no caso anterior, poderíamos dicir:

Na última estrofa, a poeta afasta os seus ollos da paisaxe para dirixilos á súa intimidade mediante unha apóstrofe ao amado:

Aí tes o meu corasón,  
si o queres matar ben podes:  
pero, como estás ti dentro,  
tamén, si ti o matas, morres.

- Cando as citas son **máis xenéricas** (por exemplo, para ilustrar a presenza de certos temas ou o comportamento dun determinado personaxe) bastará aludir a unidades de contido maiores, como capítulos, partes ou estrofas.

### 3. Os títulos de obras

• **Cursiva.** Os títulos de libros, películas, obras de arte e discos escríbense **en cursiva** e con inicial maiúscula unicamente na primeira palabra e nos nomes propios. Por exemplo:

Libros: *Os dous de sempre*, de Castelao.

Películas: *Memorias de África*, do director Sydney Pollack.

Discos: *A consagración da primavera*, de Igor Stravinsky.

Cadros: *A sega da herba*, de Manuel Colmeiro.

Escultura: *Ninfa e dragón*, de Xaime Quesada.


Nas publicacións periódicas (revistas, periódicos, blogs), escríbese con maiúscula a primeira letra do título e todas as palabras significativas que conteña (substantivos, adxectivos, verbos e algúns adverbos):

*Galicia Hoxe*

*Anuario de Estudos Literarios Galegos*

*El País*

*La Voz de Galicia*

 No caso dos traballos á man, os títulos de libros e obras de arte en xeral deben subliñarse:  
*Estou lendo o poemario Follas novas, de Rosalía.*

• **Comiñas.** Se o que estamos escribindo é o título dunha parte dunha obra máis ampla, escríbese entre comiñas; isto é así para os artigos das revistas, os capítulos dos libros, os poemas incluídos en poemarios, os contos en antoloxías, etc.

O poema «Negra sombra» é un dos máis coñecidos de *Follas novas*.

Acabo de ler un artigo titulado «Cursiva e comiñas nos títulos» no *Blog de Lingua*.



## 4. A escritura de números e símbolos

### 4.1. Formatos numéricos

• **Millares e millóns.** Para indicar os millares e os millóns, introdúcese un espazo pequeno (nunca un punto), de tal maneira que os números queden agrupados de tres en tres contando desde a dereita:

3 432 85148 987 123

As datas son unha excepción, todas as cifras que compoñen o ano escríbense xuntas; os séculos escríbense sempre con números romanos:

ano 1996          ano 2015          século XXI

• **Notación decimal.** Os decimais separáanse mediante unha **coma**. As cifras repártense en grupos de tres contando a partir da coma, tanto cara á esquerda como á dereita:

0,32                  3 243 233,687 543 8

• **Porcentaxes.** O tanto por cento represéntase mediante o símbolo **%**, separado do número por un espazo:

3,2 %                  5 %                  300 %

• **Partes por millón.** Represéntanse mediante o símbolo **ppm**, separado por un espazo:

25 ppm                  2,3 ppm

• **Notación horaria.** A separación entre hora e minutos farase cun **punto baixo** (e non con dous puntos):

4.30 h                  20.15 h                  13.40 h

### 4.2. Símbolos e nomes das unidades

O nome completo das **unidades de medida**, así como os seus **símbolos**, escríbense sempre en letra redonda e minúscula, agás os símbolos das unidades que proceden dun nome propio; neste caso farano en maiúsculas:

segundo (s)          Newton (N)          metro (m)grado Celsius (°C)

En xeral, utilizaremos os símbolos do **sistema internacional** (SI). O estado español recoñece nas súas normas UNE a castelanización para os nomes dalgunhas unidades. Velaquí algúns exemplos de uso frecuente:

metro (m)	vatio (W)	culombio (C)	faradio (F)	ohmio ( $\Omega$ )
henrio (H)	hercio (Hz)	litro (l, L)	uma (u)	tonelada (t)
julio (J)	voltio (V)	amperio (A)	grado Celsius ( $^{\circ}\text{C}$ )	

- Os **prefixos métricos** deberán ir sempre precedendo á unidade correspondente, sen espazo e constituíndo unha única palabra. Non se permiten prefixos compostos:

Ns                      kL                      mgEW $\mu$ m.

- As **operacións matemáticas** (+ -  $\cdot$  /) só se usan entre números e entre símbolos, nunca entre o nome das unidades. No caso de que os signos matemáticos operen entre símbolos de unidades, non se introducen espazos separadores.

A **multiplicación** indícase cun punto a media altura ( $\cdot$ ) ou, ás veces, cun espazo:

$$\text{kW}\cdot\text{h} = \text{kW } \text{h}$$


A **división** indícase cunha liña horizontal de fracción ( $-$ ), cunha barra inclinada ( $/$ ) ou con expoñentes negativos. Nunca se empregará máis dunha barra inclinada:

$$\text{m kg}/(\text{s}^3 \text{ A}) = \text{m}\cdot\text{kg}/(\text{s}^3 \cdot \text{A}) = \text{m}\cdot\text{kg}\cdot\text{s}^{-3}\cdot\text{A}^{-1}$$

- No ordenador, o punto medio da multiplicación ( $\cdot$ ) está sobre o número 3 do teclado; para escribilo, debes pulsar maiúsculas + 3.

- A barra oblicua da división está sobre o número 7 (/); para escribilo, preme maiúsculas + 7.

- Para converter un número en **expoñente**, debes marcar o número co cursor e premer a tecla de fonte  $\text{A}^2$ , que tes arriba á esquerda.



As **cantidades dunha magnitude** exprésanse como o produto dun número pola unidade correspondente, e que precede a esta cun espazo separador como signo de multiplicación:

$$v = 5 \text{ m/s} = 5 \text{ ms}^{-1}$$

$$T = 37,5 \text{ }^{\circ}\text{CL} = 1 \text{ 235 m}$$

Os símbolos das **magnitudes** represéntanse por unha letra (variable matemática) en cursiva, podendo admitir estas subíndices, e os signos matemáticos sepáranse por espazos:

$$v = e / t \quad y = 3 x + 4$$

As cantidades trátanse como entidades matemáticas coas regras ordinarias da álgebra.

Finalmente, cómpre dicir que **unha frase que comece por un numeral** exprésarase con todas as súas letras:

Correcto: Cinco días á semana

Incorrecto: 5 días á semana...

No caso de que se trate da cantidade dunha magnitude, esta tamén se escribirá con todas as letras:

Correcto: Dez metros por segundo é a velocidade...

Incorrecto: 10 m/s é a velocidade... ou Dez m/s é a velocidade...

## Algúns consellos prácticos

### Non esquezas...

- **Pensar** que queres facer antes de escribir.
- Facer un **esquema** previo no que recollas as distintas partes que terá o teu traballo.
- Redactar un **borrador**. Cando o teñas, debes lelo (mellor en voz alta), revisalo e corríxilo. Se o fas no ordenador, utiliza a FERRAMENTA de “idioma” (galego, castelán, inglés...); servírchete para detectar erros ortográficos, palabras mal escritas, etc.
- Citar correctamente as **fontes** consultadas.

### Procura...

- ✓ Utilizar sempre o **mesmo tipo de letra**; para destacar títulos, diferenciar pés de fotos, etc., utiliza negriñas e cursivas.
- ✓ Escribir en **terceira persoa**.
- ✓ Estructurar o texto en **parágrafos**. Lembra que cada parágrafo desenvolve unha idea diferente; non só é máis correcto, senón que facilita a lectura e favorece a valoración.
- ✓ Redactar de maneira **clara e coherente**; se non estás habituado a redactar ou «non se che dá ben», escribe oracións curtas.
- ✓ Utilizar os **conectores adecuados** para enlazar as ideas, iniciar parágrafos, expoñer conclusións, etc.
- ✓ Introducir elementos exemplificadores que fagan máis amena a lectura. Dependendo do traballo, poden ser ilustracións, fotos, táboas de datos, fragmentos de textos, etc.

### Evita...

- ✗ Facer borróns; se tes que riscar algo, pasa unha liña fina por riba.
- ✗ Escribir a lapis: non dá a impresión dun traballo serio e, ademais, sempre pode ser borrado.
- ✗ Utilizar palabras malsoantes ou do rexistro coloquial; un traballo é un escrito serio e debe ser sempre o máis correcto posible, tamén na elección da linguaxe empregada.

✗ Copiar e pegar. O profesor quere saber o que ti pensas, como ti comentas un texto, etc. e non a opinión doutros. Lembra que todo o que ti atopas na internet, pode atopalo tamén quen corrixe o teu traballo. Se de todos os xeitos cres importante incluír algunha cita, lembra que debes facelo como che indicamos na páxina ... e incluír a referencia na bibliografía final.

Como conclusión, ten sempre en conta que un traballo limpo, ordenado, ben presentado e estruturado, non só facilita a lectura e a corrección, senón que ademais dá unha boa impresión da persoa que o escribe. E iso sempre é importante na valoración final.

